



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLE/2017/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	29 de xuño de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:01 ata as 22:46 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	NON
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
53171075C	EVA RODRIGUEZ CALVAR	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



**Concello de Cangas**

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>		
1. ALBA CORDEIRO MAGDALENO:		
«Imposibilidade de asistir debido a que a sesión non se celebra na data preestablecida»		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Sr. Gestido Porto quere deixar constancia da falta de rigor na convocatoria do pleno.

O Sr. Alcalde explica que na Xunta de portavoces se acordou modificar a data de celebración do pleno ordinario para que non coincidira coa celebración da mostra de teatro.

O Sr. Soliño Costas: aclara que na Xunta de Portavoces a data alternativa quedou pendente de confirmar e nunca recibiron esa chamada de confirmación.

O Sr. Alcalde indica que a convocatoria fíxose en tempo e forma.

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 26 de maio de 2017.

**Expediente 4223/2017. Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 21**

**Concello de Cangas**



**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 22.06.2017, relativa a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 21, que é como segue:

*“O artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2004 permite ao Concello establecer taxas pola ocupación privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, imposición que deberá realizarse, en virtude do que establece o artigo 15 do mesmo texto legal, mediante a aprobación da oportuna ordenanza fiscal.*

*O Concello ten aprobada e en vigor a Ordenanza Fiscal número 21, Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Solo, vo e Subsolo da Vía Pública, publicada no BOP número 248, de 30 de decembro de 2013, na que se regula, en ANEXO á mesma, o cadro de tarifas das taxas por ocupación de dominio público referidas (Tarifa 1) a os denominados “Quioscos”, e (Tarifa 2), os postos na rúa.*

*Esta regulación resulta acaída ás ocupacións de vía pública en xeral. Sen embargo, en períodos de festas e celebracións, o sistema de cuantificación establecido para estas taxas revélase insuficiente para a correcta determinación das cotas tributarias, dando lugar a desigualdade e falta de xustiza do sistema tributario establecido, ademais de ser un sistema pouco respectuoso co sistema de cuantificación das taxas establecido.*

*De acordo co artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2004:*

*“1.El importe de las tasas previstas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local se fijará de acuerdo con las siguientes reglas:*

*a) Con carácter general, tomando como referencia el valor que tendría en el mercado la utilidad derivada de dicha utilización o aprovechamiento, si los bienes afectados no fuesen de dominio público. A tal fin, las ordenanzas fiscales podrán señalar en cada caso, atendiendo a la naturaleza específica de la utilización privativa o del aprovechamiento especial de que se trate, los criterios y parámetros que permitan definir el valor de mercado de la utilidad derivada.*

*b) Cuando se utilicen procedimientos de licitación pública, el importe de la tasa vendrá determinado por el valor económico de la proposición sobre la que recaiga la concesión, autorización o adjudicación.”*

*(...)*

*O Concello de Cangas aprobou, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 03 de agosto de 2015, un “ PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS, ECONÓMICAS E TÉCNICAS QUE REXERÁN A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DAS AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DAS PARCELAS DESTINADAS Á INSTALACIÓN DE DIFERENTES ATRACCIÓN, CASETAS E POSTOS DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE CANGAS “FESTAS DO CRISTO 2015” , prego que, na súa cláusula 3 recolle un denominado “Canon de adxudicación”, consistente nun cadro de tarifas que, unha vez celebrado o procedemento de licitación, e adxudicadas as*



*autorizacións correspondentes, foi obxecto de fixación definitiva mediante Resolución de Alcaldía de 21 de agosto de 2015.*

*Malia que o canon era mellorable á alza, na fixación definitiva deste non existen variacións salientables respecto dos mínimos fixados no prego.*

*Visto que as tarifas recollidas no prego (canon), se adapta ás condicións de prezos de mercado, dado que foi obxecto de licitación, e que non houbo alzas salientables respecto dos prezos iniciais, e en orde a dotar de estabilidade o marco normativo que permita diferenciar, como se ven debullando nesta proposta, as ocupacións de dominio público habituais das que se producen en períodos de especial afluencia de público, en orde a dar cumprimento ao establecido no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 antes transcrito, en orde a proceder á adaptación da ordenanza ao sistema de cuantificación das taxas previsto na lexislación.*

*A efectos de adaptar as tarifas previstas ás diferentes circunstancias que se poidan producir polas especificidades dos distintos eventos para os que están plantexadas estas tarifas, óptase por determinar as tarifas por días.*

*Por outra banda, a especificidade das utilizacións privativas ou aproveitamento especiais obxecto da presente proposta, por mor dos curtos períodos de tempo a que se refire, aconsellan que se modifique o sistema de xestión das taxas neste punto, considerando máis acaído o réxime de xestión mediante autoliquidación, de xeito que a liquidación e o ingreso da taxa se produzan de xeito simultáneo.*

*Por todo o anterior, en virtude das competencias que a esta Alcaldía outorga a normativa vixente,*

**PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

*Primeiro: Modificar a Ordenanza Fiscal número 21, Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Solo, Vo e Subsolo da Vía Pública, engadindo un novo Anexo (Anexo II), que se achega a esta proposta.*

*Segundo: Redenominar os anexos dos que consta a Ordenanza, de xeito que o Anexo actualmente incorporado á mesma se pase a denominar “Anexo I. Taxas por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local “, e o anexo que agora se incorpora, que se denominará “Anexo II. Taxas por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local en períodos de festas, celebracións, conmemoracións e festexos”*

*Terceiro: Engadir un parágrafo final ao artigo 8 da Ordenanza Fiscal número 21, Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Solo, Vo e Subsolo da Vía Pública, co número 6, coa dicción literal seguinte:*

*“6. As taxas reguladas no Anexo II da presente Ordenanza esixiranse mediante autoliquidación”*

*Cuarto: Someter este acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello en nun dos diarios de maior difusión na provincia, por un período de 30 días, durante os que os interesados poderán examinar o*



*expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación algunha, considerarase elevado a definitivo o acordo sen necesidade de acordo plenario."*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Mera Herbello:** explica a razón pola que se propón a modificación da ordenanza, derivada do feito de que o cobro da ocupación do dominio público polas atraccións de feira non estaba axeitadamente regulado, polo que seguindo o criterio de intervención tráese este expediente a pleno. Indica que o expediente está informado favorablemente por intervención.

**Sr. Iglesias Santos:** reconece o traballo realizado pero cre que hai cuestións que desvirtúan a proposta como é o Anexo II, que non establece metros cadrados respecto dalgunhas atraccións, ou que inclúe no mesmo epígrafe postos que non teñen relación ningunha e se sorprende teñan o visto bo dun técnico coma o Interventor. Di que se vai abster.

**Sr. Gestido Porto:** quere diferenciar o punto 2 da proposta do punto 4, entende que a ordenanza fiscal está vinculada á ordenanza xurídica, considera necesaria esta regulación, pero o plantexamento é chapuceiro. Cre que non se debería especificar tanto o tipo de atracción e establecerse os metros cadrados. Sospeita que os espazos xa están adxudicados previamente.

**Sr. Millán Blanco:** cre que a ordenanza non presenta aspectos importantes. Lembra que a ordenanza fala de ocupación de dominio público local, cando parte do espazo pertence a outras administracións públicas. Tampouco é correcto falar de prezo de mercado, cando parte do chan está gravado por un canon de Portos por exemplo. Tamén considera un erro non marcar os metros cadrados de ocupación. Cre que a ordenanza é moi mellorable.

**Sr. Mera Herbello:** di que a ordenza se amolda a unha realidade que se viña dando. Considera que todo é mellorable e, dado que é unha aprobación inicial, os grupos poderán facer alegacións que serán tidas en conta na aprobación definitiva.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)  
**Abstencións:** 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 509/2017. Aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Municipal (ROM)**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria A favor: 11, En contra: 1, Abstencións: 7, Ausentes: 0
------------------	---

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 22.06.2017, relativa a



aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Municipal, que é como segue:

*“O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, acordou aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas. Transcorrido o período de información pública procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva da Ordenanza para a súa posterior publicación e entrada en vigor.*

*Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma polo, concelleiro de Cangas Decide José Luis Gestido Porto, en data 13 de maio de 2017 (Rex. Núm 2017-E-RPLN-15), e polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular José Enrique Sotelo Villar, en data 26 de maio de 2017 (Rex. Núm. 2017-E-RC-6028) e Pío Millán Blanco, en data 30 de maio de 2017 (Rex. Núm. 2017-E-RPLN-17).*

*De seguido analizaremos as alegacións presentadas, para propoñer en atención ós argumentos que se exporán, a súa estimación, parcial ou total, ou a súa desestimación:*

*Alegacións presentadas por José Luis Gestido Porto, en data 13 de maio de 2017 (Rex. Núm 2017-E-RPLN-15):*

*1.- Artigo 36. Solicita que sexa incluído un punto na orde do día para dar información sobre o cumprimento e estado de xestión das mocións que foron aprobadas nas sesións plenarias anteriores.*

*Debe sinalarse que a obtención de información sobre a tramitación dos asuntos tratados nas sesións plenarias ten a súa canle específica, regulada, no caso dos membros da Corporación no artigo 77 da LRBRL e no artigo 7 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello e para a totalidade da cidadanía na Ordenanza de Transparencia, accesos a información pública, reutilización de datos e bo goberno do Concello de Cangas.*

*De conformidade co exposto, proponse a desestimación desta alegación.*

*2.- Artigo 41: Solicita engadir un punto terceiro no que diga que o Alcalde na súa condición de concelleiro, non proferirá conceptos ofensivos ni decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou calquera outra persoa ou entidade.*

*O artigo 41 do Regulamento regula a potestade do chamamento á orde que corresponde en exclusiva á Presidencia da sesión e deriva da competencia do Alcalde para presidir as sesións plenarias establecida no artigo 21.1.c) da LRBRL.*

*Os termos do artigo 41 son unha transcripción literal do artigo 95 do ROF (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) artigo que a súa vez parte do disposto no Regulamento do Congreso dos Diputados e do Senado. Ningunha destas normas contempla o solicitado na alegación do Sr. Gestido Porto.*

*De conformidade co exposto, proponse a desestimación desta alegación.*

*3.- Artigo 59: Solicita que se inclúa a obrigatoriedade de redactar a acta correspondente a cada unha das sesións da Xunta de Portavoces.*



*Debe terse en conta que a Xunta de Portavoces é un órgano sen atribucións resolutorias, polo que, en atención ás súas funcións non procede o levantamento de acta das súas sesións, se ben, o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello prevee a posibilidade de que os seus acordos se formalicen en documento escrito e asinado polas persoas asistentes.*

*De conformidade co exposto, propónse a desestimación desta alegación.*

*4.- Artigo 63.f): Solicita incluír a obrigación de facer públicas ditas actas, publicarase de acordo co sinalado na Ordenanza de Transparencia, accesos a información pública, reutilización de datos e bo goberno do Concello de Cangas, aprobada o 28 de Xaneiro do 2016.*

*Este extremo está previsto na ordenanza de transparencia Ordenanza de Transparencia, accesos a información pública, reutilización de datos e bo goberno do Concello de Cangas*

*Propónse a desestimación desta alegación.*

*Alegacións presentadas por José Enrique Sotelo Villar, en data 26 de maio de 2017 (Rex. Núm. 2017-E-RC-6028):*

*1.- Artigo 35.4: Solicita se modifique o párrafo segundo coa seguinte redacción*

*“A intervención de colectivos farase antes do inicio do Pleno, tendo cada intervención un tempo máximo de 5 min. Para elo solicitarase intervir mediante escrito dirixido á Alcaldía e rexistrado como mínimo 24 horas antes, escrito onde debe figurar o nome do intervinicnet, representación que ostenta e asunto a tratar.”*

*A intervención de colectivos nas sesións plenarias está recollida de forma específica no Regulamento municipal de participación veciñal (BOPPO núm. 174 de 11.09.95), norma que está sendo obxecto de revisión actualmente, polo que non procede regular este extremo no Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello.*

*Tanto os grupos municipais coma a cidadanía poderán participar, facendo as aportacións que consideren, no procedemento de actualización do sinalado Regulamento municipal de participación veciñal.*

*De conformidade co exposto, propónse a desestimación desta alegación.*

*2.- Artigo 40.2.e) : Propón modificar a súa redacción nos seguintes termos:*

*e) Se o solicitase algún grupo, procederase a unha segunda quenda de intervencións por tempo nunca superior a tres minutos. Consumida esta quenda o/a alcalde/sa poderá dar por acabado o debate que se pechará, se é o caso, cunha intervención de quen defendese a proposta de acordo por un tempo máximo de 3 minutos.*

*Propónse a estimación desta alegación.*

*3.- Artigo 43.5: Solicita modificar o artigo para o establecemento dun número máximo de mocións proporcional ao número de membros dos grupos políticos, coa seguinte redacción:*



*“O número máximo de mocións por Pleno será de oito, repartíndose o número entre os distintos grupos políticos de forma proporcional o número de Concelleiros.”*

*Se ben semella correcto establecer un número de mocións por grupo político proporcional á súa representatividade no Pleno, o límite de 8 mocións non permitiría reflectir tal proporcionalidade polo que se propón a desestimación desta alegación e a redacción dun texto alternativo do seguinte xeito:*

*“Cada grupo político municipal ou concelleiro/a non adscrito/a, para o seu tratamento nun mesmo Pleno ordinario, poderá presentar mocións (ordinarias e/ou urxentes) de conformidade coa seguinte proporcionalidade:*

*Grupos políticos con ata 2 membros: 1 moción*

*Grupos políticos con 3 a 6 membros: 2 mocións*

*Grupos políticos con 7 membros ou máis: 3 mocións*

*Concelleiros/as non adscritos/as: 1 moción*

*Extraordinariamente a Xunta de Portavoces poderá acordar unha ampliación dese número para supostos reputados como excepcionais, a xuízo da maioría absoluta dos seus membros.”*

*Alegacións presentadas por Pío Millán Blanco, en data 30 de maio de 2017 (Rex. Núm. 2017-E-RPLN-17):*

*1.- Artigo 7.1: Solicita se modifique o párrafo segundo coa seguinte redacción*

*“1 bis.- A petición de acceso ás informacións se entenderá concedida por silencio administrativo no caso de que o Presidente ou a Xunta de Goberno Local non diten resolución ou acordo denegatorio no termo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.”*

*Proponse a estimación desta alegación.*

*1.- Artigo 7.5: Solicita se incorpore un novo apartado coa seguinte redacción:*

*“5 bis.- Ademais de poder realizar as consultas de forma presencial, os/as concelleiros/as terán a posibilidade de acceder á consulta dos expedientes, documentos solicitados e dos libros de actas e resolucións a través de medios electrónicos, coas restricións que a lexislación vixente estableza.”*

*Proponse a estimación desta alegación.*

*Por todo o exposto, dende esta Concellería, veño en elevar ao Pleno da Corporación a seguinte*

**PROPOSTA:**

**PRIMEIRO:** *Estimar as seguintes alegacións:*

*a) Alegación presentada por José Enrique Sotelo Villar ao artigo 40.2.e), que quedará coa seguinte redacción:*

*“e) Se o solicitase algún grupo, procedera a unha segunda quenda de intervencións por tempo*





*nunca superior a tres minutos. Consumida esta quenda o/a alcalde/sa poderá dar por acabado o debate que se pechará, se é o caso, cunha intervención de quen defendese a proposta de acordo por un tempo máximo de 3 minutos.”*

*b) Alegación presentada Pío Millán Blanco ao artigo 7.1 párrafo segundo, que quedará coa seguinte redacción:*

*“Artigo 7. Dereito á información. Acceso.*

*1. Todos os membros da Corporación de Cangas teñen o dereito a obter da Alcaldía cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos municipais e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función. A solicitude por escrito dirixida á Alcaldía terá que ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes ao que se presentara.*

*A petición de acceso ás informacións se entenderá concedida por silencio administrativo no caso de que o Presidente ou a Xunta de Goberno Local non diten resolución ou acordo denegatorio no termo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.”*

*c) Alegación presentada Pío Millán Blanco ao artigo 7.5, que quedará coa seguinte redacción:*

*“5. A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderá realizarse, ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se atope, ben mediante a súa entrega ou copia para que poida examinalos no despacho asignado a cada grupo municipal. O libramento de copias limitarase aos casos citados de acceso libre dos concelleiros/as á información e aos casos en que sexa expresamente autorizado pola Alcaldía. A consulta dos libros de actas e dos libros de resolucións da Alcaldía ou concelleiros/as delegados/as deberá efectuarse na Secretaría Xeral.*

*Ademais de poder realizar as consultas de forma presencial, os/as concelleiros/as terán a posibilidade de acceder á consulta dos expedientes, documentos solicitados e dos libros de actas e resolucións a través de medios electrónicos, coas restricións que a lexislación vixente estableza.”*

*SEGUNDO: Desestimar as seguintes alegacións, polos motivos expostos na presente proposta:*

*a) Alegacións presentadas por José Luis Gestido Porto, en data 13 de maio de 2017 (Rex. Núm 2017-E-RPLN-15).*

*b) Alegacións presentadas José Enrique Sotelo Villar aos artigos 35.4 e 43.5 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas.*

*TERCEIRO: Modificar polos motivos expostos na presente proposta, a redacción do artigo 43.5 que quedará coa seguinte redacción:*

*5. Moción: é a proposta que os/as concelleiros/as poden someter ao coñecemento, consideración e votación do Pleno. Poden ser formalmente ordinarias e urxentes:*

- As mocións ordinarias deberán presentarse por escrito no Rexistro Xeral do concello coa suficiente antelación para que poidan ser incluídas na orde do día e ser tratadas na correspondente Comisión Informativa. Unha vez ditaminadas serán incluídas na parte resolutiva da orde do día da vindeira sesión plenaria ordinaria.*



- As mocións urxentes poderán formularse na propia sesión plenaria ordinaria por escrito ou de viva voz. De maneira previa ao seu debate, o Pleno deberá declarar a urxencia da súa consideración nos termos sinalados no artigo 37.4 deste regulamento.

Cada grupo político municipal ou concelleiro/a non adscrito/a, para o seu tratamento nun mesmo Pleno ordinario, poderá presentar mocións (ordinarias e/ou urxentes) de conformidade coa seguinte proporcionalidade:

Grupos políticos con ata 2 membros: 1 moción

Grupos políticos con 3 a 6 membros: 2 mocións

Grupos políticos con 7 membros ou máis: 3 mocións

Concelleiros/as non adscritos/as: 1 moción

Extraordinariamente a Xunta de Portavoces poderá acordar unha ampliación dese número para supostos reputados como excepcionais, a xuízo da maioría absoluta dos seus membros.”

**TERCEIRO:** Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas, coa redacción derivada do presente acordo.

**CUARTO:** Ordear a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Rodríguez Calvar:** expón o contido da súa proposta, facendo referencia ás alegacións presentadas. Indica que o grupo PP pediu a proporcionalidade por grupos na presentación de mocións cun límite de oito mocións, dado que tal límite non permite garantir a proporcionalidade dos grupos faise unha proposta alternativa.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará en contra porque considera que este texto é un refrito de varias normas xa vixentes. Lembra que en diferentes sesións plenarias solicitou que as diferentes concellerías presentasen os informes da súa xestión e pese a que foi acordado en Pleno, non se lle deu cumprimento. Di que o funcionamento interno dos órganos colexiados xa está regulado por lei.

Cre que tería que reglarse o organigrama de cada departamento, o procedemento para a emisión dos informes solicitados polo concelleiros, etc. Recoñece o traballo realizado, pero cre que as cousas tería que terse feito doutro xeito. Váise abster.

**Sr. Gestido Porto:** agradece que na tramitación deste regulamento se convocara á oposición, pero finalmente se presenta un documento que transcribe a normativa xa vixente. Indica que presentou catro alegación e lamenta que sexan desestimadas. Considera que a Xunta de Portavoces debería contar cun acta das súas sesións e que as actas da Xunta de Goberno Local deberían ser públicas. Lamenta que non se regule dentro dos chamamentos a orde á figura do alcalde. Di que se vai abster.

**Sr. Alcalde:** pregunta quen chamaría á orde ao Presidente do Pleno.

**Sr. Millán Blanco.** Considera positivo que se estimasen algunhas alegacións, pero tamén outras foron desestimadas. Fai referencia á alegación relativa á participación dos colectivos na sesión plenaria, cre necesario que se inclúa no ROM, dado que é habitual a participación da veciñanza



nestas sesións. Cre que esta aportación enriquecería moito o texto do regulamento. Considera positivo que se plantexen alternativas en relación á proporcionalidade na presentación das mocións, pero cre que o límite de oito mocións é suficiente.

**Sr. Alcalde:** considera que o límite de oito mocións non é operativa coa actual composición da corporación de seis grupos, a proposta alternativa permite adopotarse a calquera composición da corporación no futuro e é respectuosa coa proporcionalidade dos grupos municipais.

**Sra. Rodríguez Calvar:** sinala que o ROM non impide a participación dos colectivos no pleno, a regulación actual no regulamento de participación veciñal do 1995 recolle o procedemento que lles permite participar no Pleno.

Cre que as propostas do Sr. Iglesias Santos virían a complicar o contido do regulamento, e afirma tivo a posibilidade de facer alegacións para aportar novo contido ao ROM e non as presentou.

Espera que este regulamento, unha vez que entre en vigor se cumpra, algo que non se fixo co anterior.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que o ROM non debe limitarse ao funcionamento dos órganos colexiados, senón tamén incluír a participación veciñal e dos grupos de intereses.

**Sr. Gestido Porto:** agradece o traballo da Sra. Rodríguez Calvar e queda coa dúbida que ela mesma plantexou de que o contido deste novo ROM sexa respectado pola corporación.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Votos en contra:** 1 do concelleiro PsdeG-PSOE

**Abstencións:** 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 286/2017. Aprobación de Ordenanza das Festas do Cristo**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións:

7, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 22.06.2017, relativa á probación definitiva de Ordenanza das Festas do Cristo que é como segue:

*“O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público por atraccións feirais desmontables, casetas e similares*



*durante as festas do Cristo. Transcorrido o período de información pública procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva da Ordenanza para a súa posterior publicación e entrada en vigor.*

*Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma por Héitor Mera Herbello, Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística , en data 29 de maio de 2017 (Rex. Núm. 2017-E-RE-76), e por Ánxela Vizoso Marcos en representación do grupo municipal da ASPUN, en data 30 de maio de 2017 (Rex. núm. 2017-E-RC-6171).*

*De seguido analizaremos as alegacións presentadas, para propoñer a súa estimación, parcial ou total, ou a súa desestimación:*

*Alegacións presentadas por Héitor Mera Herbello, Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística , en data 29 de maio de 2017 (Rex. Núm. 2017-E-RE-76):*

*Solicita se modifique o artigo 2º párrafo primeiro coa seguinte redacción: “O período de ocupación do dominio público con ocasión da instalación e montaxe de atraccións feirais, casetas de feira, e similares, durante as Festas do Cristo abranguerá dende a tarde do venres anterior á semana previa (15 días antes do día), as datas anuais determinaranse atendendo ao último domingo do mes de agosto en que se celebra o día do Cristo, ata o domingo seguinte despois do día do Cristo, data que rematará a duración das Festas do Cristo.”*

*Proponse a estimación desta alegación.*

*Alegacións presentadas por Ánxela Vizoso Marcos en representación do grupo municipal da ASPUN, en data 30 de maio de 2017 (Rex. núm. 2017-E-RC-6171):*

*1. Solicita se modifique o artigo 2º párrafo primeiro coa seguinte redacción: “As festas terán unha duración máxima de 9 días”.*

*Proponse a estimación desta alegación.*

*2. Solicita a adaptación do texto ao Regulamento municipal para o uso non sexista da linguaxe e a actualización e revisión do texto segundo a lei de Normalización Lingüística do uso do galego, así como a revisión ortográfica do texto.*

*Proponse a estimación desta alegación.*

*Visto que a modificación do artigo 2º párrafo primeiro afecta ao disposto no artigo 5.3 da Ordenanza, relativo ao prazo de montaxe e desmonte dos postos, polo que haberá de modificar o mesmo.*

*Por todo o exposto, elévase ó Pleno da Corporación a seguinte*

**PROPOSTA:**

*PRIMEIRO: Estimar as alegacións presentadas por Héitor Mera Herbello e por Ánxela Vizoso relativas á modificación do artigo 2º párrafo primeiro, que quedará coa seguinte redacción:*

*“Artigo 2º.- Período e lugares de ocupación.-*



A celebración das Festas do Cristo teñen unha duración máxima de 9 días.

O período de ocupación do dominio público con ocasión da instalación e montaxe de atraccións feirais, casetas de feira, e similares, durante as Festas do Cristo abranguerá dende a tarde do venres anterior á semana previa, as datas anuais determinaranse atendendo ao último domingo do mes de agosto en que se celebra o día do Cristo, ata o domingo seguinte despois do día do Cristo, data que rematará a duración das Festas do Cristo.

O horario das festas será o seguinte:

- Apertura: 18.00 horas.

- Peche:

Venres, sábado, domingos e festivos: 3:30horas

Resto dos días: 1:30 horas.

Instalaranse atraccións feirais durante as festas do Cristo no lugar que se determine pola Xunta de Goberno Local, mediante a aprobación anual do correspondente plano de situación.

No prazo máximo de ocupación, enténdense incluídos os días necesarios para proceder á montaxe, desmonte e desaloxo das atraccións.

Os espazos habilitados polo Concello deberán contar cos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e recollida de lixos, así como de enerxía eléctrica.”

*SEGUNDO: Modificar, como consecuencia da estimación das alegacións relativas ao artigo 2º párrafo primeiro, o artigo 5.3, que quedará coa seguinte redacción:*

*“3.- Finalizado o período de duración da festa, o prazo para o desmonte dos postos será de dous días no caso de atraccións de feira, e de un día no caso de postos de comida e bebida.”*

*TERCEIRO: Estimar a alegación presentada Ánxela Vizoso relativas á revisión e corrección do texto da Ordenanza municipal, debendo procederse antes da súa publicación íntegra no BOPPO, a adaptación do texto ao Regulamento municipal para o uso non sexista da linguaxe e a actualización e revisión do texto segundo a lei de Normalización Lingüística do uso do galego, así como a revisión ortográfica do texto.*

*CUARTO: Aprobar definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público por atraccións feirais desmontables, casetas e similares durante as festas do Cristo, coa redacción derivada do presente acordo.*

*QUINTO: Ordear a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Mera Herbello:** explica a proposta de aprobación definitiva explicando a corrección de erros presentada polo BNG e a alegación presentada por ASPUN. Indica que o escrito de ASPUN limita a duración das festas a 9 días mentres que o escrito do BNG refírese ao tempo de ocupación do espazo público que se amplía a 15 días. Son dúas alegacións complementarias.

**Sr. Gestido Porto:** considera que a ordenanza non vai valer de nada e que o feito de que as alegacións as faga o propio equipo de goberno por de manifesto a improvisación deste texto.



**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor se ben cre que pode haber problemas no cómputo do prazo de ocupación por parte das atraccións, xa que hai que ter en contra o prazo de montaxe e desmonte.

**Sr. Millán Blanco:** cre que o texto presenta inconcrecións porque a realidade é que os 9 días de festa e os 15 días de ocupación van causar trastornos e dar lugar a contradicións. Di que se absterán.

**Sr. Alcalde:** indica que o tempo de ocupación é exactamente o que se produce ano tras ano na instalación das atraccións.

**Sr. Millán Blanco:** di que se establece un prazo de 9 días será para que o trastorno non sexa maior, cre que a previsión dos 15 días non é a máis acertada e que a ordenanza debería mellorar este aspecto e non limitarse a reflectir o que ve acontecendo na realidade.

**Sr. Mera Herbello:** cre que o Sr. Gestido Porto podería ter presentado alegacións, pero a realidade é que non lle interesa que exista esta ordenanza, algo que non lle sorprende, tendo en conta a forma en que exerceu a concellería de cultura na lexislatura anterior, sen ningún rigor.

Afirma que a ordenanza está baseada na realidade, pero facendo todo o posible para que se mellore, xa que esa realidade se debe atender.

**Sr. Gestido Porto:** di que espera que a ordenanza se cumpra e se poñan os medios para iso. Cre que a ordenanza non é real xa que a ocupación non é de 15 días antes, senón 8 días antes.

**Sr. Alcalde:** aclara que o prazo de 15 días e o total incluídos os días das festas.

**Sr. Iglesias Santos:** di que no artigo 2, coa estimación das alegacións indícase un prazo montaxe e desmonte que cre que se contradí co prazo disposto no art. 3, pide que se comprobe e se corrixa.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE)

**Abstencións:** 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 3234/2017. Aprobación da renominación da rúa Cega**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 16, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 18.05.2017, relativa a



aprobación da renominación da rúa Cega, que é como segue:

*“Proposta da Alcaldía de cambio de denominación de rúa Cega*

*Visto o acordo adoptado pola Xunta de Portavoces celebrada o 18 de maio de 2017, relativa ao cambio de denominación da rúa Cega, para que pase a denominarse Rúa Alcalde Pepe Chapela- rúa Cega.*

*PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO. Cambiar o nome da rúa Cega polo de rúa Alcalde Pepe Chapela- rúa Cega, dedicando esta vía pública a José Chapela, por ser o primeiro Alcalde da democracia en Cangas.*

*SEGUNDO. Notificar a aos seus causahabientes a renominación da vía pública.*

*TERCEIRO. Notificar ás Administracións Públicas interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos que poidan resultar afectados.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Alcalde:** explica o contido da proposta. Aclara que esta proposta foi presentada por urxencias no pleno anterior, pero foi retirada para obter o consenso de todos os grupos.

**Sr. Gestido Porto:** di que votará a favor aínda que lamenta que non se siga o expediente establecido no regulamento de honores e distincións.

**Sr. Iglesias Santos:** bota en falta a constancia do escrito e documentación que fundamente a proposta da Alcaldía.

**Sr. Sotelo Villar:** lembra que en maio entrou en vigor o Regulamento de honores e distincións que marca o procedemento a tramitar para outorgar a distinción de nomear unha rúa. Dá lectura ao disposto nos artigos 11, 15 e 16 do sinalado regulamento, así como tamén no art. 20 e 22. Indica que ningún de tales trámites se cumpríu e cre que debería facerse e respectarse o disposto no regulamento, polo que o acordo debería ser de inicio do expediente, en caso contrario o grupo PP se absterá.

**Sr. Alcalde:** Lembra que a proposta foi feita o 18/05/2017 que non se incorporou á sesión de maio por un erro administrativo e que non se tratou por urxencia porque o PP non estaba de acordo coa mesma.

**Sr. Sotelo Villar:** Di que si se manifestaron contra a urxencia foi porque o actual equipo de goberno rompeu a costume de aprobar as urxencias e se culpabilizou ao PP de non aprobar a urxencia por razóns ideolóxicas.

**Sr. Alcalde:** di que el afirmou que o punto non se tratou por urxencia no pleno pasado porque o PP non aceptou a urxencia, pero non se meteu en razóns ideolóxicos.

**Sr. Hermelo Álvarez:** cre que os nomeamentos se deben xuntar nunha ou dúas datas concretas como xa manifestaron nun pleno pasado relativo ás Irmandades da fala. Así mesmo cre que debería cumprirse o expediente que establece o regulamento de honores e distincións, polo que



se van abster.

**Sr. Iglesias Santos:** indica que o expediente se iniciou antes da entrada en vigor do regulamento de honores e distincións, polo que cre que é perfectamente legal aprobar a proposta.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o BNG votará a favor.

**Sr. Abalo Costa:** explica que a figura de Pepe Chapela ten razóns sobradas para que sexa recoñecido co nomeamento dunha rúa. Pide que cuestións procedamentais e legaslistas non empañen esta proposta.

**Sr. Sotelo Villar:** indica que o PP, pese a que foi culpabilizado de non apoiar esta proposta por motivos ideolóxicos, votará a favor.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 17 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 7 do do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

**Abstencións:** 3 dos/as concelleiros/as presentes da ASPUN,

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 4229/2017. Proposta sobre a detección e tratamento da endometriose.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 6, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde propón que se traten conxuntamente os puntos 6,7 e 8 da orde do día.

A Sra. Giráldez Santos propón unificar as mocións do BNG e PSOE, xa que o seu contido é idéntico. Afirmo que a proposta da asociación púrpura non é a mema se ben é moi similar, polo que tamén a votará a favor. Explica o contido da moción e da lectura aos puntos de acordo.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da conta da Proposta da Alcaldía do día 22.06.2017, relativa á detección e tratamento da endometriose. que é como segue:

*“Proposta sobre a detección e tratamento da Endometriose*

*Visto o escrito presentado en data 31 de maio de 2017 ( Rex. Núm. 2017-E-RC-6211) pola Asociación Púrpura, no que se solicita se inclúa na orde do día do pleno unha moción relativa á detección e tratamento da endometriose, con motivo do Día de Acción pola Saúde das Mulleres.*

*Vista a proposta de moción presentada xunto ao sinalado escrito*





*Por todo o exposto, propoño ao Pleno a aprobación da moción relativa á detección e tratamento da endometriose presentada en data 31 de maio de 2017 pola Asociación Púrpura.”*

Asimesmo dase conta do escrito presentado en data 31 de maio de 2017 ( Rex. Núm. 2017-E-RC-6211) pola Asociación Púrpura, que literalmente di:

*“MOCIÓN que presenta a Asociación Púrpura en relación á detección e tratamento da endometriose, para que se debata no pleno se procede.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*En 1987, no Vº Encontro Internacional sobre saúde da muller, un 28 de maio, un grupo de mulleres activistas lanzou o Día Internacional de Acción pola Saúde das Mulleres, co obxecto de denunciar os problemas que afectan á saúde sexual e reprodutiva das mulleres e nenas en todo o mundo.*

*A endometriose-adenomiose son enfermidades relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva das mulleres pois, aínda que afectan á súa calidade de vida en moitos aspectos, afectan maioritariamente aos sexuais (dismenorrea e dispareunia) e reprodutivos (causando infertilidade de non tratarse a tempo).*

*A endometriose pode cualificarse como epidemia oculta. Trátase dun tumor benigno dependente de hormonas que afecta en torno a unha de cada dez mulleres en idade fértil (o 15% delas en formas graves), aumentando esta cifra ata o 40-50% das mulleres con problemas de fertilidade, o que supón que, en Galicia, haxa unhas 60.000 mulleres con endometriose, das cales unhas 9.000 teñen formas moi avanzadas da doenza.*

*Trátase dunha patoloxía que afecta a múltiples sistemas do corpo, non so ao reprodutor, senón dixestivo, urinario e que, principalmente, altera o sistema inmunolóxico. Cursa cunha inflamación crónica.*

*Esta enfermidade defínese pola presenza, implantación e crecemento de tecido similar ao endometrial fóra do útero, sendo as localizacións máis frecuentemente afectadas o peritoneo pélvico e os ovarios pero, tamén, o intestino e a vexiga. En casos excepcionais pode afectar o cerebro, a peí ou os pulmóns e malignizar. Un subtipo é a adenomiose , onde o tumor crece dentro do útero.*

*Un dos problemas ao que se han de enfrontar as mulleres que padecen endometriose é o atraso diagnóstico, que se cifra ao redor dos 9 anos desde o inicio dos síntomas, encadrado nunha visión de normalización do sufrimento da muller vinculado á menstruación e ás súas capacidades reprodutoras. Este é un claro exemplo da falta de perspectiva de xénero na ciencia, o medicamento e a saúde, así como a escaseza de investigación sobre enfermidades de mulleres.*

*A enfermidade pode afectar a calquera nena, muller ou persoa que teña a menstruación, calculándose a prevalencia en, polo menos, unha de cada dez delas; é de destacar que se atopou en fetos de ambos os sexos.*

*A pesar da súa importante incidencia, a enfermidade segue “no armario”, sendo invisibilizada tanto pola sociedade como polas autoridades científicas, sanitarias e a comunidade médica, debido aos prexuízos contra a menstruación, a dor e a sexualidade femininos.*

*Esa naturalización da dor da muller relacionado coa menstruación e o reprodutivo tamén tivo historicamente o seu correlato no ámbito da investigación, onde non se destinaron os fondos, recursos e esforzos que corresponderían a unha patoloxía coa extensión epidemiolóxica e de carga de enfermidade e menoscabo da calidade de vida que supón a endometriose na nosa*



*sociedade (afecta aproximadamente ao 5% da poboación). Non se coñecen as súas causas aínda que a hipótese ambiental (disruptores endocrinos e xenoestróxenos) e xenética despuntan nos últimos anos como as máis plausibles.*

*Os aspectos máis preocupantes da epidemia de endometriose-adenomiose son:*

- *a súa cronicidade e enorme alteración da calidade de vida das mulleres que a padecen, dado que se manifesta con dor ligada á menstruación (dismenorrea) pero que pode ocorrer en calquera fase do ciclo menstrual (dispareunia e dor pélvico ou lumbar crónico) e en case calquera órgano do corpo.*
- *a falta de ferramentas diagnósticas non cirúrxicas, sendo a única alternativa unha operación por laparoscopia que non garante a eliminación do tumor.*
- *a ausencia de medicación ou terapia curativa, sendo a única opción a cirúrxica ou a menopausia farmacolóxica.*
- *a súa relación coa infertilidade ou subfertilidade: tanto en fases precoces como avanzadas, así como con ou sen distorsión da anatomía pélvica normal, a endometriose asociase con dificultades para a concepción.*

*O 22 de abril do ano 2015, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a dar solución aos problemas das mulleres con endometriose no noso País, acordo aínda por desenvolver.*

***Polo exposto, o Pleno do Concello de Cangas, acorda, con motivo do Día de Acción pola Saúde das Mulleres:***

- *Facer un chamado público á implicación de todas as Administracións e da sociedade no seu conxunto na mellora e a detección e tratamento da endometriose.*
- *Facer un chamado público a que as Administracións fagan as campañas de información e educación menstrual e sexual necesarias na sociedade, especialmente entre as nenas e mozas, que permitan desmontar os mitos que dificultan a detección tempero desta enfermidade, impulsando unha campaña informativa no Concello de Cangas ao longo do ano 2018. Dotando nos vindeiros orzamentos da partida necesaria para levar a cabo dita campaña.*
- *Ñas mencionadas campañas, lanzar a mensaxe, baseada na evidencia científica, de que nin na menstruación nin no coito vaginal ha de estar presente a dor en mulleres sas e evitar que se lles dea ás mulleres informacións pseudo-científicas como que o embarazo é unha alternativa terapéutica.*
- *Trasladar ao Ministerio de Sanidade e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que se realicen estudos epidemiolóxicos para coñecer o alcance exacto da enfermidade.*
- *Trasladar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que se analice o impacto desta enfermidade e se establezan as necesarias medidas de protección sociolaboral e ambiental fronte aos determinantes sociais e ambientais da enfermidade.*
- *Instar ao Sergas a estudar a creación dunha unidade multidisciplinar de referencia sobre a endometriose e consultas específicas nos hospitais galegos.*
- *Facer un chamado público a todas as Administracións e institucións para que se preste o debido apoio ás asociacións de afectadas por endometriose e adenomiose, como “Querendo, mulleres con endometriose*
- *Trasladar tanto á Consellería de Sanidade como ó Ministerio de Sanidade o acordo plenario.”*



DELIBERACIÓNS:

**Sr. Iglesias Santos:** explica que esta moción é froito dos grupos parlamentarios BNG e PSOE, cre que é un primeiro paso para despertar a conciencia da administración autonómica para afrontar este problema que afecta ás mulleres.

**Sr. Sotelo Villar:** di que o PP está a favor de toda iniciativa de prevención e concienciación en materia sanitaria, todo o que se faga por favorecer o coñecemento desta doenza é positivo, pero cre que a moción non se axusta á realidade, xa que moitos dos puntos de acordo xa se están a facer. Indica que no hospital Álvaro Cunqueiro hai unha área específica para a consulta da endometriose. Cre que se pode instar á Xunta para cumprir co acordo de 22.06.2015, pero a visión que queren dar estas mocions é parcial e non se axusta á realidade, vanse abster.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que votará a favor.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que a información e formación son básicas, a cuestión non é que o goberno autonómico non faga o que debe, senón a necesidade de que esta doenza se dea a coñecer e se traballe máis para dar visibilidade a este problema.

**Sr. Sotelo Villar:** repite que todo o que se faga por fomentar o coñecemento dunha doenza é razoable, pero hai outras cuestións que non son tan acertadas. Non coincide na visión que se recolle nesta moción, sen prexuízo de que se poida facer máis.

**Sra. Giráldez Santos:** non está de acordo coa intervención do Sr. Sotelo Villar, porque a moción reflicte a realidade, son moitas as mulleres que non coñecen esta doenza. O pedimento parte das asociacións de mulleres afectadas e recolle o seu sentir. Reitera os puntos de acordo propostos na moción, porque a realidade é que tales extremos a día de hoxe non se cumpren.

**Sr. Sotelo Villar:** di que existe unha unidade específica de endometriose que atende a 136 mulleres ao mes no Álvaro Cunqueiro. Simplemente dixo que a moción reflicte unha realidade que para o PP non é correcta. Espera que dentro de un ano se saiba se o concello efectivamente tomou medidas nesta materia.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

**Abstencións:** 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 3755/2017. Moción Refundida dos grupos PSOE e BNG s/ atención a mulleres con endometriose e a divulgación desta doenza**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 13, En contra: 0,  
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día



26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta das mocións dos Grupos Municipais PSOE e BNG, que quedan refundidas nun mesmo texto, que é como segue:

*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.*

*A ENDOMETRIOSE é unha doenza inflamatoria estróxeno-dependente de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero. Na gran maioría dos casos, no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.*

*O tecido endometrial pode extenderse por ovario, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pleura, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.*

*Adoita clasificarse a ENDOMETRIOSE en 4 graos segundo o nivel de infiltración do tecido e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de embarazo.*

*Segundo os estudos a endometriose afecta ó 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por ENDOMETRIOSE, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que supoñería arredor das 9.000 mulleres.*

*A ENDOMETRIOSE, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.*

*Oretrasododiagnósticodadoenzavéndadopordúascausasfundamentais:*

*1.-O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.*

*2.- A pouca atención que ata o momento o sistema sanitario prestou ós síntomas da ENDOMETRIOSE, asociando falsamente a regra coa dor e normalizando un dos síntomas principais da doenza.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista e BNG solicitan ao pleno da corporación a toma dos seguintes*

**ACORDOS:**

*1º) Instar por escrito, nos próximos 30 días, á EOXI de Vigo para que organice xornadas de formación sobre ENDOMETRIOSE ás que poidan acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso Concello (facultativos, enfermería, matronas...).*

*2º) Instar por escrito, nos próximos 30 días, á EOXI de Vigo para garantir suficientes*



*consultas específicas de ENDOMETRIOSE para o número de afectadas da área nos Hospitais ós que acuden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.*

*3º) Instar por escrito, nos próximos 30 días, á EOXI de Vigo á creación dunha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, especialistas en dor etc., para unha mellor atención dos casos máis graves de ENDOMETRIOSE e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinarias doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.*

*4º) Solicitar por escrito, nos próximos 30 días, á Consellería de Sanidade para que dea cumprimento á moción sobre ENDOMETRIOSE que, por unanimidade, aprobaron todos os grupos políticos da cámara galega o 22 de abril de 2015, e que recollía, en gran medida, as demandas das mulleres afectadas polo estado de saúde.*

*5º) O Concello de Cangas comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso municipio para dar a coñecer a doenza e tratar de recortar, na medida do posible, o retraso diagnóstico a través da distribución dun díptico cuxos contidos serán solicitados polo Concello a profesionais médicos especializados en ENDOMETRIOSE.”*

#### **VOTACIÓN E ACORDO DA MOCIÓN REFUNDIDA:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

**Abstencións:** 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### Incidencias:

Cando son as 21:33 horas abandona o Salón de Sesión o Sr. Alcalde, e queda na Presidencia a primeira tenente de alcalde Sra. Giráldez Santos.

#### **Expediente 4097/2017. Moción grupo PP de 14.06.2017 s/ alternativas á ampliación do túnel de Montealegre**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 14.07.2017, relativa a alternativas á ampliación do túnel de Montealegre que é como segue:

*“Nos medios de comunicación do pasado día 10 de xuño , aparece con grandes titulares a noticia de que " A Conselleira de Infraestruturas e Vivenda pacta eos Alcaldes do Morrazo o peche do corredor durante sete meses para salvar o Castro de Montealegre " .*



*En primeiro lugar queremos volver a insistir no argumento expresado polo PP de Cangas de que o progreso non pode ser incompatible co respecto o patrimonio , e estamos de acordo de que se busque unha solución que salve o castro , pero non podemos admitir que fronte a tesitura de que se peche o corredor sete meses solo cabe como solución a paciencia , e para colmo que o digan precisamente aqueles/as que aínda que usan a diario a citada vía forman parte de esa minoría que non quería o desdoblamento e conversión en autovía .*

*Non entendemos, aínda que se faga con pico e pala , como é posible que se tarden 7 meses en ampliar os menos de 80 mts. de lonxitude de túnel .*

*Pedimos que se valoren outras alternativas sen ter que pechar o corredor desde Meira .*

*Pedimos que se valoren saídas provisionales en Domaio ou mesmo que se inutilice a metade do túnel e se transite pola outra metade pois hai espazo suficiente para dous coches , deixando o desvío desde Meira para camións .*

*Lembrar que as empresas adxudicatarias tiñan a obriga de non cortar o corredor durante as obras e por razóns de seguridade todos/as estivemos de acordo que se fixeran puntualmente cortes , pero o noso entender débense esgotar as posibles alternativas antes de tomar una decisión que ocasionaría graves prexuízos a todo Morrazo .*

*Por todo elo efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :*

*O Pleno da Corporación de Cangas , insta a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os Concellos de Moaña , Cangas e Bueu , a que presenten alternativas a prevista ampliación do túnel de Montealegre que permitan reducir o tempo de peche do corredor do Morrazo o menor posible.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Graña Graña:** explica o contido da moción. Aclara que o seu grupo está a favor da preservación e protección do patrimonio, pero o prazo que se establece para o peche do corredor é de sete meses, polo que cre que esta non é solución, senón que hai que buscar outras alternativas fronte ao peche desta infraestrutura durante un prazo tan longo. Lembra que a empresa concesionaria ten a obriga de non pechar o corredor e aínda así se cortou por catro meses. Pide un plan alternativo ao peche. Cre que os concellos non poden quedar de brazos cruzados, a paciencia non é a solución. Dá lectura aos puntos de acordo.

**Sr. Abalo Costa:** cre que a moción é unha broma, se ben está de acordo con moitos dos plantexamentos, o acordo debería ser esixir a demisión da Conselleira responsable. A calquera particular se lle esixen informes de Patrimonio cando está próximo a calquera ben protexido. Por qué a unha obra pública ata agora non se lle esixe o mesmo e se trata de solucionar a estas alturas cortando o corredor sete meses mínimo.

#### Incidencias:

Cando son as 21:33 horas incorpórase ao Salón de Sesión o Sr. Alcalde.

**Sr. Abalo Costa:** repite que debe pedirse a demisión da Conselleira, así coma as medidas que solucionen o corte.



**Sr. Iglesias Santos:** lembra que o goberno autonómico é do PP e supón que este goberno actuou en base a informes técnicos. Cre que os concellos afectados pouco poden facer ademais de protestar e esixir. Lembra que en Cangas hai un castro en Donón totalmente abandonado. Cre que é unha cuestión moi seria e por iso considera necesario que haxa propostas máis concretas.

**Sr. Gestido Porto:** fai referencia á moción de Cangas Decide que presenta a mesma problemática e pide que se debata conxuntamente. Non é normal un corte de sete meses para arranxar un espazo de menos de 100 metros, e menos nos tempos en que andamos. Considera necesario esixir que se busquen outras solucións. Propón que se consensúe unha moción conxunta.

**Sr. Alcalde:** cre que os concellos teñen difícil propoñer alternativas tal e como pide a moción do PP. Indica que o Concello conta cun estudo da Xunta cun cronograma avalado por un enxeñeiro, polo que fronte ao que din os técnicos pouco se pode dicir. Cre que a presentación de alternativas ten que facelas a Xunta, porque os concellos non teñen nin medios nin a competencia para iso.

**Sra. Giráldez Santos:** pide que se retire a alusión aos concellos que figura na moción e a votarán a favor.

**Sr. Graña Graña:** di que está de acordo en aceptar a proposta do Sr. Alcalde e a Sra. Giráldez Santos. Cre que o que importa é que se arranxe o problema que o corte vai implicar para os cangueses e iso non se vai a solucionar con demisións.

**Sr. Alcalde:** explica que hai unha comisión formada polos alcaldes de Cangas, Moaña e Bueu, técnicos da Xunta, as empresas concesionadas e a Consellería, polo que a realidade é que os tres concellos está facendo seguemento e peticións.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta presentada adoptando o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación de Cangas, insta a Consellería de Infraestruturas e Vivenda a que presenten alternativas a prevista ampliación do túnel de Montealegre que permitan reducir o tempo de peche do corredor do Morrazo o menor posible.

**Expediente 4040/2017. Moción Cangas Decide de 15.05.2017 s/ medidas fronte ao corte prolongado da vía rápida.**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, do día 15.06.2017, relativa a medidas fronte ao corte prolongado da vía rápida, que é como segue:



*“D. José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, presentan para seu debate no Pleno a seguinte*

*Proposta-Moción:*

*A Xunta de Galicia, algunhas semanas atras, informa nos medios de comunicación, que vai a cortar a Via Rapida un mínimo de 7 meses, co obxectivo de ampliar o túnel existente en Domaio, usa coma excusa a protección do Castro de Montealegre. Aínda que poidamos entender algunhas modificacións en relación ás previstas o inicio, non podemos creer que o corte non era necesario antes e agora si ¿que diferenza e abril por unha banda, a abri-lo polos dous lados ?.*

*Os danos que este corte prolongado de máis de 7 meses, pode producir nos, veciños do Morrazo necesitan solucións que minimicen tempo posible este corte e accións excepcionais.*

*E polo que presentamos para seu debate no Pleno as seguintes PROPOSTA DE ACORDO:*

*1. Poner en marcha un grupo de traballo, formado pola Policía Local de Moaña, Vilaboa e de Cangas e pola Guardia Civil, donde se elabore un Plan de Circulación especial durante o tempo que dure o corte*

*2. Instar a Xunta para que elabore un informe dos técnicos autonómicos, onde validen a necesidade de ter que cortar durante 7 meses a Via Rapida.*

*3 Solicitar a Xunta que implemente medidas urxentes, coma:*

*a. Eliminación do euro no tramo de Pontevedra-Cangas, o cal provoca que moitos coches veñan a dar volta a rotonda de Domayo*

*b.Habilitar o segundo carril de entrada a autopista dende a rotonda de Domayo.*

*c. Solicitar a Vitrasa, a través de Concello de Vigo, que se aumenten as frecuencias dos autobuses desde a estación marítima o Alvaro Cunqueiro, POVISA, Polígonos Industriais, así coma unha redución do seu custo.*

*d. Reforzar e aumentar as frecuencias dos barcos con destino e retorno Canga-Vigo.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Gestido Porto:** explica o contido da moción. Dá lectura ás propostas de acordo recollidas na mesma.

#### Incidencias:

Cando son as 21:47 horas abandona o Salón de Sesiós a concelleira Sra. Rodríguez Calvar.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que os equipos técnicos saben como teñen que afrontar unha obras coma as do corredor e que habería uns pregos que rexen tales obras e os seus posibles retrasos.

Cre que hai que deixar que traballen os técnicos.





O Sr. Iglesias Santos considera importante que se lles facilite toda a documentación e cronogramas que estableza a Xunta. Lembra que as competencias do concello son moi limitadas para actuar neste tema.

Incidencias:

Cando son as 21:49 horas incorpórase ao Salón de Sesiões a concelleira Sra. Rodríguez Calvar.

**Sr. Graña Graña:** di que se van a abster porque xa está reflectida na moción anterior gran parte do solicitado. Cre que o punto referido á rebaixa da autopista é unha guerra que resultaría moi complexa e que o pedimento referido ao carril en Domaio non é necesaria.

**Sra. Giráldez Santos:** considera que a moción debería refacerse, xa que as propostas non son moi acertadas. O primeiro punto xa se está a realizar e o segundo punto tamén porque xa hai un informe técnico.

En canto a habilitación dun segundo carril tamén se está xa facendo e xa se instou á Consellería en relación ao transporte público desde Cangas, polo que non cre axeitada a moción e menos cando se acaba de aprobar unha moción dirixida á Xunta.

**Sr. Alcalde:** explica que xa existe un grupo de traballo entre a Garda Civil e a Policía Local, se ben a conexión entre os dous corpos é complexa por pertencer a dúas administracións diferentes.

Afirma que a rebaixa do euro da autopista tamén foi xa solicitada á consellería. O segundo carril xa está habilitado. Indica que se puxo unha liña de barco, para que se amplíe polas noites e durante a fin de semana.

**Sr. Gestido Porto:** di que non ten problema en retirar a moción se estas medidas xa están en marcha e pide que o concello estea pendente de que se cumpran.

**Sr. Alcalde:** comprométese a que cada vez que se reuna co gupo de seguemento da obra, convocará unha xunta de portavoces para informar aos grupos na semana seguinte.

O Concelleiro Sr. Gestido Porto retira a moción

**Expediente 4234/2017. Moción grupo PP de 15.06.2017 s/ dotación de pasos de peóns na estrada Lugo Boubeta**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 8, En contra: 11,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.06.2017, relativa á dotación de pasos de peóns na estrada Lugo Boubeta, que é como segue:



*“Moción: dotación de pasos de peóns na suposta recién rematada obra da estrada avenida de Lugo – Boubeta.*

*Despois de máis de dous anos de eternas obras na estrada Avenida de Lugo - Boubeta, son evidentes e visibles as numerosas deficiencias que existen o longo do seu traxecto.*

*Obras que estiveron paralizadas máis da metade do tempo e cando tiñan operarios eran dous a traballar, así durou o que durou para sufrimento dos veciños. Unha vez supostamente rematada, veciños denuncian abundantes deficiencias e a ausencia de pasos de peóns que poñen en perigo os usuarios.*

*En toda a lonxitude da estrada supostamente rematada , concentrase 3 pasos de peóns diante do Colexio do Castrillón, no resto non hai ningún nunha distancia de un kilómetro e pouco.*

*Propoñemos o Pleno a seguinte proposta de ACORDO:*

*-O Concello de Cangas, inste a Diputación de Pontevedra ao estudo, pintado e sinalización de máis pasos de peóns ao longo do vial Avenida de Lugo – Boubeta.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Soliños Costas:** explica o obxecto da moción e dá lectura ao acordo

#### Incidencias:

Cando son as 22:01 horas abandona o Salón de sesións o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Sr. Gestido Porto:** cre que hai que poñer máis pasos de peóns, pero tendo en conta o trazado da estrada, que ten moitas curvas que impiden cruzar con seguridade.

**Sra. Giráldez Santos:** di que está de acordo coa proposta, pero xa se fixo un plan presentado na Deputación provincial para a colocación deses pasos de peóns, chamado Plan Móvese. Indica que fai máis dun ano que se solicitou polo concello con informes a policía local e que a Deputación o aprobou, polo que a moción non ten sentido. Explica que xa contactou co concello a empresa que vai pintar os pasos de peóns.

**Sr. Iglesias Santos:** di que apoiará a moición e pide coidado cos pasos elevados, que moitas veces non cumpren a normativa que si se respecta nas estradas nacionais.

**Sr. Soliño Costas:** aclara que a moción pide pintar pasos de peóns e non pasos elevados, que é o que vai facer a Deputación. Di que eses pasos de peóns poden pintarse a costa da obra.

**Sr. Alcalde:** di que non ten sentido instar á Deputación a algo que xa está aprobado.

**Sra. Giráldez Santos:** aclara que non se trata só de pasos elevados, senón tamén paso de peóns e sinalización horizontal e vertical.

#### Incidencias:

Cando son as 22:10 horas incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Abalo Costa.



Concello de Cangas

### VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP,1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

### Expediente 4098/2017. Moción grupo PP de 16.06.2017 s/ declaración de Patrimonio da Humanidade para o Parque Nacional das Illas Atlánticas

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 17, En contra: 0,  
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 16.06.2017, relativa a declaración de Patrimonio da Humanidade para o Parque Nacional das Illas Atlánticas, que é como segue:

*“Ninguén pode por en dúbida o valor natural e paisaxístico que representan as Illas Cíes, pero a declaración de Patrimonio da Humanidade pola UNESCO , entre outras cousas esixe unha unidade de xestión para ese novo espazo . Lembrar que a xestión das Cíes é conxunta eos arquipélagos de Ons, Cortegada e Sálvora a través do Parque Nacional das Illas Atlánticas*

*Desde Cangas non entendemos que quen leva anos nunha permanente campaña de marketing non tivera iniciado os trámites .Esta claro que o igual que foi coa Lei da A.M. de Vigo este asunto o Sr.Caballero so lie interesa para buscar polémica coa Xunta .*

*Desde Cangas podíamos recordar , a mais que dubidosa adscrición das Illas Cíes a Vigo no seu día por razóns exclusivamente militares pero non se coñece acto administrativo formal onde Cangas quede relegada dos seus dereitos sobre ese territorio , territorio que aínda hoxe a efectos eclesiásticos sigue sendo parroquia de Santiago de Cangas e Illas Cíes , ou lembrar que no seu día as matrículas das salgadasuras alí existentes , que equivalerían o actual IAE , pagábanse en Cangas , ou recordar como para Vigo nos momentos duros do Prestige só existiron as Cíes para facerse a foto os seus políticos é o chapapote o recollían os mariñeiros de Cangas .*

*Por todo elo consideramos desde o Grupo Municipal do PP que este é un momento óptimo para reivindicar aínda que sexa de forma testemuñal os nosos dereitos sobre as Illas Cíes, pero tamén para deixar dun lado o localismo e apoiar igual que o están a facer Concellos como o de Bueu , Vilagarcía ou Ribeira a candidatura integradora que pretende a Xunta de Galicia para o Parque Nacional Illas Atlánticas.*

*Proposta de acordo:*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*O Pleno da Corporación do Concello de Cangas apoia a iniciativa da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia de solicitar a UNESCO a declaración de Patrimonio da Humanidade para o Parque Nacional das Illas Atlánticas."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Hermelo Piñeiro:** explica a moción presentada, fai referencia á nova denominación proposta pola Xunta que é "Illas Cies- Parque nacional Illas Atlánticas"

#### Incidencias:

Cando son as 22:13 horas abandona o Salón de Sesión a concelleira Sra. Vizoso Marcos.

**Sr. Iglesias Santos:** di que descoñece cal é a proposta da Xunta e bota en falla que se presente documentación xunto coa moción, polo que se vai abster.

**Sr. Gestido Porto:** di que vai a apoiar a defensa das Illas Cies, como Patrimonio da Humanidade, pero vaise abster porque descoñece a proposta da Xunta de Galicia.

#### Incidencias:

Cando son as 22:15 horas incorpórase ao Salón de Sesións a concelleira Sra. Vizoso Marcos.

**Sr. Alcalde:** cre que non ten sentido nunha moción como esta, facer referencia a Abel Caballero e a polémicas similares, porque o importante é defender a proposta de Patrimonio da Humanidade das illas Cies e demais illas. Considera importante poñer a denominación exacta, que é "Illas Cies- Parque nacional Illas Atlánticas"

**Sr. Hermelo Álvarez:** di que apoiarán a moción aínda que bota en falla unha referencia ao dano ecolóxico destas illas, hai que loitar por un control máis forte sobre as navieras para evitar abusos.

**Sr. Abalo Costa:** cre que é importante que non se utilice a Cangas nun contencioso entre a Xunta e o Concello de Vigo. Afirma que de nada vale pedir a designación como Patrimonio da Humanidade se non vai acompañada das necesarias medidas de protección do medio ambiente.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que intentou achegar a documentación adxunta a través da sede electrónica e non foi capaz. Sinala que a declaración de Patrimonio da Humanidade é unha garantía de protección das illas, sen prexuízo de que sexa necesario seguir loitando nesta liña.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP)

**Abstención:** 2 (1 do concelleiro presente do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 4213/2017. Moción grupo BNG de 19.06.2017 s/ Plan de mellora dos camiños**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



<b>rurais</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0
<p>Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.</p> <p>Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, do día 22.06.2017, relativa ao Plan de mellora dos camiños rurais, que é como segue:</p> <p><i>“Moción sobre o plan de mellora dos camiños rurais</i></p> <p><i>O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa ao Plan marco de mellora dos camiños rurais.</i></p> <p><i>Exposición de motivo</i></p> <p><i>A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018.</i></p> <p><i>Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 euros para dito período de dous anos, a distribuír entre os concellos do país</i></p> <p><i>A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración eos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza</i></p> <p><i>Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en miáis dun 60 por 100. A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.</i></p> <p><i>Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademáis contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.</i></p> <p><i>Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notábel recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de</i></p>	



*Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.*

*As comunicacións realizadas aos concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despegados, obras menores, investimentos aillados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes*

#### ACORDOS

*1º. Instar ao Goberno Galego a:*

*a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.*

*b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.*

*2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Giráldez Santos:** explica o obxecto da moción, dá lectura aos puntos de acordo contidos na mesma.

**Sr. Soliño Costas:** di que lle parece ben que se pidan máis subvencións, pero esas subvencións teñen que executarse e xustificarse. Nestes dous anos o concello perdeu máis de catro millóns de euros en subvencións.

**Sr. Gestido Porto:** di que votará a favor e pide que tamén se inclúa á Deputación nesta demanda e non só á Xunta.

**Sr. Iglesias Santos:** pregunta qué son os camiños rurais.

**Sra Giráldez Santos.** Resposta que son todas as vías situadas fóra dos núcleos urbanos, en Cangas sería todas as parroquias excepto Cangas, e deben ser vías municipais.

**Sr. Sotelo Villar:** considera lamentable que a Sra. concelleira non saiba que son camiños referidos a menos de 500 habitantes.

**Sra. Giráldez Santos:** di que tal criterio cambiou, xa non hai tal esixencia.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

**Abstención:** 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP



Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 4233/2017. Moción conxunta s/ a necesidade de aumentar a consignación destinada á loita contra a violencia de xénero**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.06.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción conxunta dos Grupos Municipais do día 20.06.2017, relativa á necesidade de aumentar a consignación destinada á loita contra a violencia de xénero, que é como segue:

*“Moción sobre a necesidade de aumentar a asignación destinada á loita contra a violencia de xénero*

*Os Grupos Municipais abaixo asinantes, ante o número incesante de mulleres e criaturas asasinadas polas violencias machistas no que levamos de ano, ante o incremento de número de denuncias (2,3%) e o número de mulleres con ordes de protección e/ou medidas cautelares (7%) no ano 2016 con respecto ao ano anterior así como ante a prevista aprobación simultánea en xuño 201 dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017 e da proposta da Subcomisión do Congreso d@s Diputad@s de “Pacto de Estado” contra a Violencia de Xénero*

*Manifestamos:*

*Que a contía asignada ao Programa 232C Actuacións para a prevención da violencia de xénero previsto nos Orzamentos do Estado para 2017, presentado polo Goberno Central, ascende, tras a presión política e social dos colectivos feministas, a 31,7 millóns de euros, que é un 25,75 máis que en 2016 pero continúa sendo un 2,20% menos que en 2010. Así mesmo, conxela en 19.741,840€ o programa 232B Igualdade entre mulleres e Homes, nun 41,2% menos que en 2010.*

*Os 51,4 millóns de euros que suman ambos don o 0,01% dos gastos do Proxecto de Orzamentos do Estado para 2017 (443.133 millóns de euros), porcentaxe ridícula do que se chamou pomposamente desde novembro de 2016 “Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero”.*

*De non aumentarse significativamente no PGE 2017, polo menos en 120 millóns de euros, o Programa 232C Violencia de Xénero, un “Pacto de Estado” sería unha ofensa e unha burla a todas as mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero, isto é, para os 4 millóns de mulleres que, segundo a Macroenquisa 2015 do propio Goberno Central, sofren violencia de*



*parella (2,5 millóns de mulleres) ou sexual fose da parella (1,5 millóns). É seguir sen asignar nin un euro á prevención nos ámbitos educativo, sanitario e de medios de comunicación, non cubrir a prevención e atención á violencia sexual que esixe o Convenio de Istambul vixente desde 2014, non mellorar a resposta policial e xudicial e non cubrir o custo dos servizos xurídicos, psicolóxicos e sociais nas Entidade Locais establecidos no art.19 da Lei Ou 1/2004.*

*Tampouco se poden facer políticas para as mulleres sen as mulleres. A suposta apertura ás organizacións de mulleres do “Grupo de Traballo” do Observatorio de Violencia de Xénero do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade é inoperante, porque só serve para relatar centos de propostas sen discutilas nin buscar acordos que conformen o informe final do Observatorio en xuño de 2017.*

*Por todo isto os grupos municipais asinantes solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*□□ Instar o Goberno do Estado a aumentar/modificar nos Orzamentos Xerais do Estado 2017 a asignación destinada, nos termos anteditos, tanto para a loita contra a violencia de xénero, como en relación ás políticas de igualdade.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Hermelo Álvarez:** explica a moción presentada e invita a todos os grupos a adherirse a esta.

**Sra. Gallego Santos:** cre necesario loitar contra a violencia de xénero, pero non considera axeitado referirse aos orzamento que acaban de entrar en vigor, sería máis correcto referirse ao orzamento do proximo ano. Votarán a favor.

**Sr. Iglesias Santos:** votará a favor. Cre que é moi complicado erradicar este problema en tanto as mulleres non tomen as rendas do seu destino, rexeitando a violencia desde o primeiro momento.

**Sr. Gestido Porto:** votará a favor, se ben pide que se faga referencia aos orzamentos do 2018.

**Sra. Vizoso Marcos:** cre que as palabras do Sr. Iglesias Santos foron moi fortes, non se pode culpabilizar ás mulleres e a súa intervención estivo fóra de lugar.

**Sr. Iglesias Santos:** aclara que por máis que se poñan cartos, estes deben empregarse de forma eficiente. Di que fai máis de 25 anos que dá clases en materia de violencia. A prevención, a educación e a reeducación desde as idades máis tempranas é fundamental.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**Expediente 3285/2017. Dación de conta dos informes de reparo de intervención do primer cuatrimestre do 2017 segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal**





Concello de Cangas

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno queda informado do presente asunto

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas desde o 23 de maio ao 26 de xuño de 2017**

O concello Pleno queda informado do presente asunto

**Dación de conta do escrito de renuncia da concelleira Eva Rodríguez Calvar**

Dáse conta do escrito presentado pola concelleira Sra. Rodríguez Calvar, que di:

*“Dna. Eva Rodríguez Calvar, con DNI n.º 53.171.075.C comunica os seguintes feitos, en virtude do artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral,*

*EXPÓN*

*Que con data 24 de maio de 2015 celebráronse as eleccións municipais ás que ela acudía formando parte da Lista do Partido Asemblea Pola Unidade.*

*Que tomou posesión do seu cargo o día 13 de xuño do 2015, tras cumprir coas obrigacións impostas pola Lei 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral.*

*Que por motivos persoais e laborais que impiden o cumprimento das obrigacións propias do cargo, quere deixar de ocupar o posto que ocupaba no Concello de Cangas como Concelleira de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo.*

*Por todo o exposto,*

*SOLICITO*

*Que se tome coñecemento da miña renuncia ao cargo de Concelleira que ostento nestes momentos no Concello de Cangas, polo Pleno do devandito Concello.”*

O Pleno toma coñecemento da renuncia.

O Sr. Alcalde explica que a Sra. Rodríguez Calvar renuncia por motivos laborais, xa que é unha persoa nova e capaz que quere mellorar no seu futuro laboral. Deséxalle o mellor na súa vida privada e política e lle agradece o traballo feito.

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Sr. Gestido Porto:** roga que se solucionen os problemas de descarga de expedientes de Gestiona.

**Sr. Millán Blanco:** roga que se faciliten copias das alegacións do Plan de Transportes.

**Sr. Soliño Costas:** a biblioteca do Seixo leva 10 días sen auga polo que pide que se solucione o antes posible.

**Sra. Giráldez Santos:** explica que xa foi Aqualia dúas veces e se está a buscar unha solución polos traballadores municipais.

**Sr. Soliño Costas:** fai referencia ao feito de que se levaron unhas cadeiras do centro do Seixo-Darbo e non se devolveron.

**Sra. Giráldez Santos:** explica que o concello de Cangas foi ao centro de Seixo-Darbo e retirou 5 cadeiras que eran de belas artes e non se tocou ningunha silla mais.

**Sr. Graña Graña:** xa na sesión do pasado pleno fixo referencia a un escrito que pedía información en materia de medio ambiente e non obtivo resposta, pide que lle faciliten a información solicitada.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850